

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE TRABAJO FIN DE ESTUDOS
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO.)
CURSO 2024/2025

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: TRABAJO FIN DE ESTUDOS										
ESPECIALIDADE	Pedagogía					ITINERARIO		Pedagogía Xeral e da Linguaxe Musical		
CARÁCTER	Obrigatorio					TIPO DE CLASE		<i>Individual</i>		
DEPARTAMENTO	Pedagogía					XEFE/A DE DPTO.		Adriana Cristina García García		
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA		Adriana Cristina García García		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	Horas de clase semanais:	VII I O alumno/a terá un titor/a asignado da especialidade, co que realizará as necesarias titorías para o asesoramento no correspondente traballo	
ECTS/CUAD.							10	Observacións:		
DOCENTES:	NOME E APELIDOS					EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA		
	Adriana Cristina García García					aulamusicaldeadriana@gmail.com		Luns de 17:30 a 18:30 h.		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Elaboración e defensa dun traballo de investigación relacionado coa especialidade e a súa aplicación, incidindo directamente no desenvolvemento profesional da Pedagogía da Linguaxe Musical. Elaboración dunha proposta didáctica que trate de desenvolver ámbitos da ensinanza da Linguaxe Musical nas ensinanzas elementais e/ou profesionais de música, desenvolvendo materiais didácticas específicos para acadar obxectivos definidos.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os abordados ao longo de tódolos estudos conducentes á titulación na especialidade de pedagogía.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Todas as conducentes á titulación na especialidade de pedagogía
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	1, 2, 3, 4, 5, 8, 13, 14, 15, 16
COMPETENCIAS XERAIS:	5, 10, 13, 16, 18, 19, 25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	1, 2, 5, 9, 10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1.- Elixir o tema do traballo de forma razoada e relacionada co presente ou futuro profesional.	Todas
2.- Investigar o marco teórico actual en relación co tema de investigación, organizando , sintetizando e entresacando a información máis adecuada de forma crítica.	Todas
3.- Propoñer unha hipótese de traballo axustada e razoada	Todas
4.- Xustificar a metodoloxía máis axeitada para o tratamento da hipótesis, tendo en conta as tecnoloxías da información e da comunicación.	Todas
5.- Presentar as conclusións de forma crítica e relacionalas coa aplicación ó contexto pedagóxico real da linguaxe musical.	Todas
6.- Elaborar unha aportación pedagóxica axeitada, realista, creativa e persoal, que se derive das conclusións	Todas

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

Dependerán do proxecto elixido. Deberá estar relacionado coa especialidade e a súa aplicación, incidindo directamente no desenvolvemento profesional da Pedagogía da Linguaxe Musical. O traballo incluírá unha proposta didáctica que trate de desenvolver ámbitos do ensino da linguaxe musical nas ensinanzas elementais e/ou profesionais da música, desenvolvendo materiais específicos para acadar obxectivos definidos.

5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
<p>Proposta dun traballo académico Dirixida ao departamento de Pedagogía, do tema concreto que pretende desenvolver. As propostas presentaranse ao titor e este terá de prazo para enviala á xefatura de departamento ata novembro (a data establecida no calendario do protocolo TFE do curso 2024/25). Dita proposta constará alomenos dos seguintes puntos: Título, Xustificación, Índice Xeral e breve resumo da aportación pedagóxica. Esta solicitude cumprimentarase na web do centro (no apartado de secretaría), procedendo á súa posterior impresión e entrega ao titor. A aceptación da proposta será polo Departamento de Pedagogía. De non considerarse idónea a proposta formulada o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo departamento ou formular unha nova proposta. Neste caso, o alumno disporá dun prazo, para reformular a súa proposta.</p>	-	Non presencial	A establecida no calendario do protocolo do curso 2024/2025
<p>Titoría para asesoramento da proposta Previa cita co/a profesor/a titor/a</p>	1	Presencial	A establecida no calendario do protocolo do curso 2024/2025
<p>Elaboración dun traballo académico Deberá ter unha extensión mínima de cen páxinas, en tamaño DIN A-4 con letra arial 12 puntos a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos. Dito traballo deberá conter un resumo da mesma en galego, en castelán e nunha lingua extranxeira. O traballo incluírá unha proposta didáctica que trate de desenvolver ámbitos da enseñanza da linguaxe musical nas ensinanzas elementais e/ou profesionais da música, desenvolvendo materiais didácticos específicos para acadar obxectivos definidos. O alumno entregará o traballo na secretaría do centro nas datas que se determinen a tal efecto, que con carácter xeral será posterior á publicación das cualificacións e en calquera caso, con dúas semanas de antelación sobre a data do exame. Presentarase no formato establecido na Circular 10/2014, apartado 3.2, e cumprimentando o formulario correspondente, que levará o visto bo do profesor titor. Entregarase unha copia en papel debidamente encadernada (con lomo), mais unha copia en formato dixital, que será enviada ó correo de vicedireccion@csmcoruna.com xunto con toda a información requirida no apartado Documentación TFE da secretaría virtual na web do conservatorio.</p>	-	Non presencial	Permanente
<p>Titorías para a elaboración do traballo académico En horario que será determinado pola xefatura de estudos do conservatorio, oído o equipo docente da especialidade e en función das necesidades de organización xeral da mesma.</p>	6 (alomenos)	Presencial ou telemáticas	Regulares
<p>Exposición e defensa do traballo académico</p>	1	Presencial	Ao final, dentro do calendario establecido polo protocolo do curso 2024/2025

6. AVALIACIÓN

O alumnado disporá de dúas convocatorias, unha ordinaria e outra extraordinaria segundo calendario proposto ao efecto polo centro (consultar o protocolo para o desenvolvemento do traballo fin de estudos do curso 2024/2025)

A duración da exposición do traballo será de 45 minutos como máximo. O alumno poderá contar con todo tipo de apoio con medios audiovisuais. Despois da exposición abrirase un periodo de debate que non poderá superar os 15 minutos.

Craterios de avaliación

- Valoración do interese pedagóxico do proxecto.
- Aplicación pedagóxica ou didáctica no aula (viabilidade da transferencia ao contexto real).
- Constatación dos fundamentos psicopedagóxicos da proposta.
- Enfoque creativo en canto á orixinalidade do proxecto, a fluidez e a flexibilidade.
- Valoración do labor investigador.
- Corrección na escritura e adecuada citación das fontes consultadas.
- Calidade na exposición e/ou posta en escena.
- Tratamento dos diferentes parámetros do son, a harmonía, a melodía, o ritmo e a forma, no caso da produción propia (leccións de solfexo, pezas para percusión Orff...).
- Adecuación do proxecto ás idades dos nenos aos que está destinado, se é o caso (contos, leccións de solfexo, pezas para percusión Orff, test auditivos, cancións...).

Ponderación

- Traballo académico 40%
- Aportación pedagóxica 60%

Observacións aplicables a tódolos tipos de avaliacións e convocatorias:

Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media.

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:

Cualificarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (Orde do 21 de novembro de 2016, Artigo 31)

0-4,9: Suspenso

5,0-6,9: Aprobado

7,00-8,9: Notable

9,00-10: Sobresaint

PROCEDEMENTO PARA A MATRÍCULA DE HONRA: A matrícula de honra poderá ser outorgada aos estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 20% dos estudantes matriculados na materia no correspondente cuadrimestre, agás que o número de estudantes matriculados sexa inferior a 20, nese caso poderá concederse unha soa matrícula de honra. No caso de que varios alumnos cumpran os requisitos de obtención da matrícula de honra, esta será concedida a quen alcance a maior nota final. En caso de empate, a matrícula concederáse a quen teña menos disparidade entre as cualificacións de investigación e aportación pedagóxica. Se se detecta plaxio, significará un suspenso automático nese apartado (entendendo que non parezan un ou dous erros de citación no marco teórico ou o estado da cuestión, senón unha copia de contido ou estrutura que se fagan pasar por propios).

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no <i>Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</i></p> <p>Asimesmo terase en conta a <i>ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS	
REFERENCIAS BÁSICAS	<ul style="list-style-type: none"> • BISQUERRA ALZINA, R. (coord.): <i>Metodología de la investigación educativa</i>. La Muralla, Madrid, 2004. • BLAXTER, L; HUGHES, C.; TIGHT, M.: <i>Cómo se investiga</i>. Graó, Barcelona, 2008 • COLÁS, P.; BUENDÍA, L.: <i>Investigación educativa</i>. Alfar, Sevilla, 1998. • DÍAZ, M.(coord.): <i>Introducción a la investigación en Educación Musical</i>. Enclave Creativa, Madrid, 2006. • KEMP, E.: <i>Aproximaciones a la Investigación en Educación Musical</i>. Collegium Musicum, Buenos Aires, 1993. • LATORRE, A.; DEL RINCÓN, D.; ARNAL, J.: <i>Bases metodológicas de la investigación educativa</i>. Hurtado, Barcelona, 1996.
REFERENCIAS ESPECÍFICAS	Dependerán do tema elixido.